



A MIÑA PRIMEIRA VEZ



Recordo a miña primeira vez como se fose hoxe mesmo. Xa hai tempo dende aquela, pero nunca consigo sacala da cabeza, sobre todo nos días nos que peor me atopo.

Xa levabamos tempo pensando en facelo, invadíanos a curiosidade, o saber que se sentía, pero a pesares de ter tantas ganas de probar, nunca encontrá-bamos nin o momento nin o lugar oportuno.

Era unha tarde de inverno cando soou o teléfono, era o Lalo, tan só me dixo: “En dez minutos na vella casa á que cada sábado imos a panda do botellón, porque hoxe facémolo.” Con estas simples palabras o meu corazón empezou a latexar con forza, e sen pensalo marchei correndo ao lugar indicado co único pensamento dos minutos que me quedaban de espera.

Ao chegar alí, xa estaba o Lalo agardando, o único que lle preguntei foi de onde os sacara. Díxome que llos collera ao irmán. Sen máis palabras comezamos a facelo. Por fin chegara o momento máis desexado e había que disfrutalo. Ao acabar, os dous

sentiámonos felices, contentos e desexando repetir. Fora unha experiencia única, as sensacións naquel momento eran difíciles de explicar, nin hoxe o sabería facer.

Despois daquela primeira vez, volvemos quedar en máis ocasións.

Era un segredo, tan só o Lalo máis eu o sabíamos, era un pacto de silencio o que había entre nós os dous; pero os da panda xa empezaban a sospeitar, polo que un día invitámonos a que participasen. Agora entre os cinco o pracer e a diversión eran maiores. Cada vez as nosas xuntanzas eran máis frecuentes, incluso chegamos a facelo dúas ou tres veces ao día, e xa non nos escondiamos de ninguén, daba o mesmo o que a xente pensase de nós.

Un día chegou o Lalo todo contento, traía unhas raías para probar. Eu non era consciente do que supoñía pasar dos simples “petas”, que o Lalo lle collía ao irmán maior, a consumir cocaína, xa que tan só fora un par de veces.

Ao rematar o instituto, cada un dos da panda tomou o seu camiño, moi separados os uns dos outros. Un marchou a estudar ao Reino Unido, os outros tamén chegaron a ser homes de proveito e o Lalo marchou para América.

Cando coñecín a Maruxa as raías xa eran un hábito na miña vida, pero ela axudoume

a deixalas e pouco a pouco conseguino. Uns poucos meses despois de deixar por completo as drogas, chegou o Lalo de América e dende aquela a miña vida volveu cambiar. As noites eran a continuación dos días, as drogas marcaban a nosa existencia.

Unha triste mañá avisáronme da morte de Lalo por unha sobredose. Foi duro aquilo, quizais o golpe máis duro de todos, e tentei deixalas de novo, pero elas puideron comigo, foron máis fortes ca min, de novo convertéronse na miña razón de vivir.

¡Cantas noites teño pasado moribundo nas rúas, nos bancos do parque! ¡Cantos choros de Maruxa! ¡Cantas miradas cheas de medo e pena reflectían os ollos dos nenos...!



Por eles estou hoxe aquí, para curarme, para chegar a ser o pai que nunca fun, xa que despois do suicidio de Maruxa me necesitan máis que nunca. Será por eles, pola memoria dela e do Lalo, polo que saia deste pozo do que onte non vía a saída e hoxe xa vexo un raio de esperanza.

Ana Mato Salgado. B2B